



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN E CULTURA**

Referencia: Bases BINV/2026

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2026 E APROBAR AS DITAS BASES E A CONVOCATORIA

DON VALENTÍN GONZALEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Despois de ver os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023, para a aprobación das Bases reguladoras das bolsas de investigación e aprobar as Bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2026, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Segundo. Dispoñer a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. Aprobar a convocatoria das bolsas de investigación para o ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 16 de marzo de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 16 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

Cuarto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do *Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas*, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Xunta de Goberno.

Sexto.- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, con cargo á partida 0612/3262/481 do Orzamento de 2026, con operación RCP número 220259000771.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

BASES REGULADORAS

BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2026

Base 1. Réxime xurídico

Para os casos non previstos nestas bases, será de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o seu regulamento aprobado por R.D. 887/2006
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano 2026.

A presente convocatoria está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2 . Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 20 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a persoas con titulación universitaria que pretendan facer un traballo de investigación no período 2026-2027, cunha duración mínima de nove meses a contar desde a publicación da concesión definitiva, distribuídas nas seguintes áreas:

- | | |
|--|----------|
| • Área de artes e humanidades: | 5 bolsas |
| • Área de ciencias: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias da saúde: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero: | 5 bolsas |
| • Área de enxeñaría e arquitectura: | 2 bolsas |

2.2 Ámbito temporal e prórroga

Os traballos de investigación deberán desenvolverse no período 2026-2027, cunha duración mínima de nove meses a contar desde a publicación da concesión definitiva das bolsas.

As persoas beneficiarias poderán solicitar unha prórroga para a execución do traballo de investigación por un máximo de seis meses.

A solicitude presentárase coa antelación mínima dun mes respecto do prazo máximo xustificación mediante a acción "Doc. Adicional" que figura na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTEL.

2.3 Finalidade

O obxectivo desta convocatoria é o apoio á actividade investigadora en temas de interese para a realidade social, cultural, económica e política galega.

Os beneficios alcanzados polo fomento da actividade investigadora teñen impacto positivo nas sociedades, á marxe dos ámbitos territoriais. Ao tempo, desde a área de Educación e Xuventude da Deputación da Coruña entendemos que os recursos que destinamos ao apoio á investigación deben ser compatíbeis con favorecer os máximos retornos sociais, culturais e económicos dos que se beneficien prioritariamente a sociedade e o territorio da provincia da Coruña e, por extensión, o conxunto da sociedade galega.

Base 3. Solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas residentes na provincia da Coruña que reúnan todos os requisitos que de seguido se relacionan:

- Ter menos de 36 anos na data de finalización do prazo de solicitudes.
- Posuír titulación universitaria (licenciatura, diplomatura, grao ou equivalente) recoñecida oficialmente.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado ou volante de empadramento cunha antigüidade ininterrompida mínima dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras (a data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación destas bases reguladoras no BOP).

Cada persoa interesada poderá presentar unha única solicitude.

As persoas titulares de bolsa só poderán selo en tres convocatorias polo que as persoas solicitantes que xa fosen titulares de bolsa en tres convocatorias anteriores estarán excluídas de participar nesta.

Base 4. Dotación

A dotación das bolsas é de **10.000 €** cada unha delas e o seu importe total, 200.000 €, impútase á aplicación orzamentaria 0612/3262/481 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Base 5. Incompatibilidades

As presentes bolsas son incompatíbeis:

- Coa obtención de calquera outra bolsa de investigación que poida concederse para o mesmo período (aínda que a investigación sexa diferente) por parte de calquera entidade ou persoa pública ou privada.
- Coa realización de actividades produtivas retribuídas que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa interesada, agás aquelas que teñan carácter esporádico e cunha duración total acumulada non superior a 720 horas no período de duración da bolsa.

A inexistencia de ambas circunstancias declarase no momento da solicitude da bolsa, e calquera variación das circunstancias iniciais, deberá poñerse de inmediato en coñecemento da administración.

A obtención simultánea doutra axuda ou a formalización dun contrato de traballo cunha duración acumulada superior a 720 horas no período de duración da bolsa será causa de reintegro da bolsa adxudicada.

Non obstante, excepcionalmente e para os casos en que a incompatibilidade se produza despois da entrega da memoria parcial, poderase valorar a posibilidade de non reintegrar o importe pagado da bolsa, previo informe favorable do tribunal e para aqueles casos nos que se desenvolvera polo menos o 75% do proxecto. O tribunal deberá valorar o grao de execución do proxecto presentado, mediante unha porcentaxe que será a que determine o importe da bolsa que se aboará. Se o grao de execución do proxecto é inferior ao 75%, procederá o reintegro do importe pagado.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

6.1 Forma

As persoas interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude de xeito telemático no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL. Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 16 de marzo de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 16 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

6.2 Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Non se permitirá a presentación de solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Dado que a tramitación será telemática:

- A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente poderase, de forma xustificada, modificarse o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.
- A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital.
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude (no caso de nomeamento de persoa representante, este deberá vir asinado a maiores polo/a solicitante da bolsa).

6.3 Documentación da solicitude

1. Nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Deputación da Coruña, no seu caso.

2. Proxecto de investigación, obrigatorio no modelo SUBTEL, cunha extensión máxima de 20 páxinas (*arial 12, interlineado 1*) no que deberá constar detalladamente a área das bolsas á que opta e os seguintes datos:

- Datos identificativos do proxecto (Título, palabras chave, lugar de desenvolvemento)
- Resumo do proxecto
- Estado da arte, xustificación e obxectivos
- Deseño, metodoloxía e plan de traballo

- Cronograma da investigación coa duración prevista da realización das tarefas e actividades.
- Referencias

Este documento serve de base para a valoración, polo que deberá reflectir claramente o contido do proxecto de investigación.

O proxecto de investigación deberá estar enfocado só ao período polo que se concede a bolsa.

Non se poderá optar a mais dunha área por solicitude.

O proxecto entregárase preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que poida figurar en castelán.

3. Certificación académica da Licenciatura, Diplomatura ou Grao na que figure expresamente:

- A nota media simple do expediente académico en base 10 de conformidade co disposto no R.D 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos, aprobado por resolución do 15/11/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e publicado no DOG nº 188 do 30/11/2011.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, a media simple do expediente académico terá que acreditarse mediante a achega dunha declaración de equivalencia da nota media do expediente expedida pola Secretaría Xeral de Universidades

Ademais, no caso de que a certificación académica figure en idioma distinto do castelán ou do galego, achegarán a súa tradución oficial.

- A data de finalización dos estudos.

4. Currículo da persoa solicitante segundo o modelo normalizado que se pode atopar na plataforma SUBTEL

Se o traballo se vai realizar coa colaboración dun equipo indícarase os estudos e actividades profesionais das persoas integrantes do equipo colaborador.

Para a valoración do currículo deberán **achegar a documentación acreditativa correspondente**. No caso de traballos e publicacións será suficiente o enlace web. **Non se valorarán as partes do currículo que non se acrediten documentalmente na solicitude.**

O currículo entregárase preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que poida figurar en castelán.

5. Documentación acreditativa do curriculum

6. Certificado ou volante de empadramento con data actualizada e con expresión dunha antigüidade mínima ininterrompida dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras. A data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación destas bases reguladoras no BOP.

7. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa

Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Base 7. Compromisos e obrigas

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Presentación de memoria parcial

As persoas beneficiarias presentarán unha memoria parcial no prazo de seis meses dende á data de publicación da concesión definitiva, salvo no caso dos suplentes que se contará dende a notificación da súa concesión.

A memoria, que estará asinada polo/a bolseiro/a, reflectirá de forma clara os pasos seguidos ate o momento da presentación e o estado no que se atopa a investigación cun criterio rigoroso e fundamentado.

Para presentar a memoria parcial, as persoas beneficiarias teñen que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTEL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Doc. Adicional**".

7.2 Propiedade dos traballos

A propiedade dos traballos será dos/as titulares das bolsas.

7.3 Difusión do apoio da Deputación

Farase constar que foi obxecto de bolsa por este organismo en calquera edición posterior.

Tamén se fará constar a publicidade do financiamento provincial naqueles casos nos que o traballo obxecto da investigación sexa presentado a congresos, cursos, seminarios ou similares tanto durante a súa elaboración como con posterioridade ao seu remate.

7.4 Outras obrigas

- Cooperar coa Deputación nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión.
- Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.
- Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa de incompatibilidade.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como consecuencia a obriga de devolución da cantidade percibida, á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

Base 8. Procedemento de concesión e valoración das solicitudes

8.1 Resolución de persoas admitidas e excluídas

A Deputación publicará no Boletín Oficial da Provincia, a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas.

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas, as persoas interesadas poderán formular reclamacións para emendar erros.

Transcorrido este prazo sen que as persoas interesadas emenden as causas de exclusión, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

No caso de que non se formulen alegacións, a resolución provisional considerase definitiva.

No caso de que se formulen reclamacións, deberanse resolver expresamente na resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

8.2 Tribunal

Para a valoración das solicitudes constituirase un tribunal para cada área das bolsas. Realizarase de forma conxunta cando menos a xuntanza inicial dos tribunais. De ser posible, o resto de sesións será igualmente conxunta .

A designación dos membros dos tribunais realizarase por Resolución de Presidencia, e darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Cada tribunal estará presidido pola deputada con delegación especial en materia de educación e mocidade, que actuará con voz e sen voto, e formarán parte del tres persoas expertas na materia, que serán docentes universitarias ou non universitarias de recoñecido prestixio, ou investigadoras independentes de recoñecido mérito.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do tribunal respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o tribunal estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos tribunais daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do tribunal.

Cada un dos tribunais valorará as solicitudes que lle correspondan en función da área asignada na instancia polas persoas solicitantes; non obstante, o tribunal poderá reasignar a outra área aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

De acordo coas bases de execución do orzamento, as persoas integrantes dos tribunais, deberán achegar un informe individual ou conxunto asinado por todos os membros, sobre a memoria final presentada pola bolsa/o, no prazo dun mes dende a solicitude por parte da unidade xestora. No caso de non presentar o citado informe, deberán reintegrar o 50% do importe percibido pola súa participación no tribunal.

8.3 Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

1. Expediente académico: máximo 3 puntos.

A valoración do expediente académico farase en función da nota media simple, segundo o establecido no protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos, aprobado por resolución do 15/11/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e publicado no DOG nº 188 do 30/11/2011.

2. Currículo vitae: máximo 2 puntos, de acordo co seguinte:

- Título de doutor/a: 1 punto
- Mestrado ou posgraao: 0,75 puntos
- Participación en proxectos competitivos de I+D+i: máximo 0'6 puntos
- Publicacións e documentos científico-técnicos: máximo 0'6 puntos
- Comunicacións a congresos nacionais ou internacionais: máximo 0'5 puntos
- Estancias en centros de investigación: máximo 0'6 puntos:
 - do Estado español: 0,1 punto por mes
 - de fóra do Estado español: 0,2 puntos por mes
- Coñecemento de idiomas estranxeiros (proprios da comunicación no seu ámbito científico) nivel B2 ou superior: máximo 0,2 puntos.
- Premios relacionados coa área de investigación: máximo 0,15

Só se terán en conta aqueles méritos debidamente documentados pola persoa solicitante.

3. Valoración do proxecto de investigación: máximo 5 puntos

Para a valoración do proxecto de investigación terase en conta o interese da investigación e o rigor na formulación do proxecto de investigación, de conformidade cos criterios e puntuacións que establezan cada tribunal na área correspondente.

Na primeira reunión de cada área os tribunais poderán establecer os subcriterios de valoración que consideren adecuados.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

En ningún caso poderán obter a bolsa ou ser nomeado suplente as persoas que non acaden a puntuación mínima de 5 puntos na puntuación total.

8.4 Concesión

Cada tribunal formulará a súa proposta de concesión, que será motivada.

Os tribunais poderán declarar desertas as bolsas en calquera das áreas que son obxecto da convocatoria cando as propostas presentadas non acaden a puntuación mínima que indique o tribunal, despois de ter feita a súa ponderación. As bolsas desertas poderanse asignar a outra área.

Cada tribunal poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade de acordo coa puntuación obtida. Estas persoas accederán ás bolsas, unicamente, no caso de existir algunha renuncia, ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria. Non accederán ás bolsas os suplentes cando a presentación da renuncia ou a revogación sea de data posterior ao 31 de xaneiro de 2027.

A proposta de concesión que formule o tribunal será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que lles será notificada ás persoas interesadas mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da persoa bolseira proposta fronte á Deputación mentres esta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

No caso de non formular desistencia expresa ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva, a cal será dada a coñecer mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A concesión das bolsas publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Xustificación

A xustificación deberá realizarse no prazo dun ano dende a data de publicación da concesión definitiva, salvo nos seguintes casos:

- Para os suplentes o prazo se contará dende a notificación da súa concesión.
- Para as persoas que teñan concedida unha prórroga para a execución do proxecto de investigación o prazo de xustificación ampliarase polos meses que abarque a prórroga.

A documentación a presentar é a seguinte:

- Memoria final, conformada polo propio traballo resultante da investigación na que deberá constar a consecución do obxectivo fixado no proxecto.

A memoria estará asinada polo/a bolseiro/a e contará coa conformidade da persoa directora do traballo. A redacción desta farase preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que poida figurar igualmente en castelán.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa beneficiaria está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Designación de conta bancaria da persoa beneficiaria no modelo aprobado pola Deputación da Coruña.

- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido pola entidade bancaria correspondente.

Para presentar esta documentación as persoas beneficiarias teñen que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Xustificación**".

O tribunal valorará a idoneidade das memorias finais. No caso de existir discrepancias na valoración, o tribunal decidirá por maioría. Se o informe é desfavorable, declararase a perda do dereito ao cobro da bolsa e procederá o reintegro do primeiro prazo aboado, de ser o caso.

9.2 Pago

A bolsa aboarase nun único prazo trala presentación da documentación xustificativa enumerada na base 9.1 ou en dous prazos, no caso de que a persoa beneficiaria o solicite.

Para presentar a solicitude de pago en dous prazos as persoas beneficiarias teñen que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Doc. Adicional**" aportando a seguinte documentación:

- Escrito no que fagan constar a súa petición.
- No caso de que na solicitude inicial a persoa beneficiaria non autorizase expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e se opuxera á consulta de datos da Seguridade Social, deberá aportar certificacións das administracións correspondentes nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Designación de conta bancaria da persoa beneficiaria no modelo aprobado pola Deputación da Coruña.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido pola entidade bancaria correspondente.

A bolsa aboarase do seguinte xeito:

- 75% (7.500 €), trala solicitude de pago en dous prazos.
- 25% (2.500 €), despois da presentación da documentación xustificativa enumerada na base 9.1

No caso de producirse a perda de dereito ao cobro da bolsa por algún dos motivos indicados nestas bases a persoa beneficiaria da bolsa tería que devolver o importe do primeiro prazo, xunto cos xuros de demora que se producen dende a data do pago do primeiro prazo ata o día no que se acorde a procedencia do reintegro ou na data que se realice a devolución do importe do primeiro prazo, se é anterior a ésta.

A concesión e pago da bolsa será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Unha vez transcorrido o prazo establecido para a xustificación, a unidade xestora requirirá para que presente a documentación xustificativa no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda ao dereito de cobro da bolsa outorgada, e ao procedemento de reintegro do primeiro prazo percibido, no seu caso.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a persoa bolseira da sanción que lle corresponda, por presentación extemporánea da xustificación, segundo a seguinte gradación:

- Ata un mes de atraso: 75 euros
- Entre un e tres meses de atraso: 300 euros
- Máis de tres meses de atraso: 600 euros.

A sanción será descontada do importe da achega provincial que se vai percibir.

No caso de que a persoa beneficiaria preste conformidade á sanción consentindo en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e comprometéndose a non presentar alegacións nin recurso algún ao respecto, procederá realizar unha redución do importe da sanción dun 90 % de conformidade co disposto no artigo 85.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 11.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar que a Deputación poida realizar fotografías e/ou vídeos das actividades relacionadas coas bolsas de investigación así como da súa difusión.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

Base 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria das “Bolsas de investigación para o ano 2026”. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas residentes na provincia da Coruña que reúnan todos os requisitos que de seguido se relacionan:

- Ter menos de 36 anos na data de finalización do prazo de solicitudes.
- Posuír titulación universitaria (licenciatura, diplomatura, grao ou equivalente) recoñecida oficialmente.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado ou volante de empadramento cunha antigüidade ininterrompida mínima dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras (a data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación destas bases reguladoras no BOP).

Cada persoa interesada poderá presentar unha única solicitude.

As persoas titulares de bolsa só poderán selo en tres convocatorias polo que as persoas solicitantes que xa fosen titulares de bolsa en tres convocatorias anteriores estarán excluídas de participar nesta.

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 20 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a persoas con titulación universitaria que pretendan facer un traballo de investigación no período 2026-2027, cunha duración mínima de nove meses a contar desde a publicación da concesión definitiva, distribuídas nas seguintes áreas:

- | | |
|--|----------|
| • Área de artes e humanidades: | 5 bolsas |
| • Área de ciencias: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias da saúde: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero: | 5 bolsas |
| • Área de enxeñaría e arquitectura: | 2 bolsas |

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 200.000,00 €, con cargo á partida 0612/3262/481 do Orzamento ordinario para 2026. As bolsas a conceder serán 20, por un importe cada unha delas de 10.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 16 de marzo de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 16 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de las “ Becas de investigación para el año 2026”. El texto completo del programa puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones:

Primero. Beneficiarios

Podrán participar en esta convocatoria todas las personas residentes en la provincia de A Coruña que reúnan todos los requisitos que de sucesivo se relacionan:

- Tener menos de 36 años en la fecha de finalización del plazo de solicitudes.
- Poseer titulación universitaria (licenciatura, diplomatura, grado o equivalente) reconocida oficialmente.
- Acreditar la residencia en cualquier ayuntamiento de la provincia de A Coruña, mediante la presentación de un certificado o volante de empadronamiento con una antigüedad ininterrumpida mínima de un año antes de la fecha de la publicación en el BOP de las bases reguladoras (la fecha de expedición del certificado o volante será posterior a la de la publicación de estas bases reguladoras en el BOP).

Cada persona interesada podrá presentar una única solicitud.

Las personas titulares de bolsa solo podrán serlo en tres convocatorias por lo que las personas solicitantes que ya fueran titulares de bolsa en tres convocatorias anteriores estarán excluidas de participar en esta.

Segundo. Objeto

El objeto de la presente convocatoria es la concesión de 20 bolsas en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a personas con titulación universitaria que pretendan hacer un trabajo de investigación en el período 2026-2027, con una duración mínima de nueve meses a contar desde la publicación de la concesión definitiva, distribuidas en las siguientes áreas:

- | | |
|--|----------|
| • Área de artes y humanidades: | 5 bolsas |
| • Área de ciencias: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias de la salud: | 4 bolsas |
| • Área de ciencias sociales, jurídicas y estudios de género: | 5 bolsas |
| • Área de ingeniería y arquitectura: | 2 bolsas |

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 200.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3262/481 del Presupuesto ordinario para 2026. Las becas a conceder serán 20, por un importe cada una de ellas de 10.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará el día 16 de marzo de 2026 y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de abril de 2026, después de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial da Coruña.